

# **P**roxecto **E**ducativo **C**entro

**CEP Lois Tobío – Viveiro**

**Revisión do PEC feita no curso 09/10**

## **Índice :**

- 1- Introducción ,**
- 2- Datos xerais ,**
- 3- Obxectivos ,**
- 4- Modelo de docencia ,**
- 5- Organización ,**
- 6- Conclusións finais**

# 1- Introducción .

O CEP Lois Tobío resultou da fusión de dous Colexios , moi próximos , da zona educativa de Viveiro :

- Colexio Pastor Díaz ( Centro para alumnado da cidade )
- Colexio Noriega Varela ( centro comarcal )

Ao novo centro asiste alumnado coa seguinte procedencia:

- Alumnos do colexio de infantil San Roque , centro adscrito ao Lois Tobío ,
- Alumnos do CEIP Vieiro , centro adscrito ao Lois Tobío ,
- Alumnos das parroquias do concello : Area , Galdo , Xunqueira , Magazos ,

A nivel socio-económico atopamos unha grande diversidade familiar , predominando as familias adicadas ao comercio e ao mar . É de destacar un importante grupo de etnia xitana .

Nos últimos cursos temos unha gran afluencia de inmigrantes da zona de América latina e Centroeuropa .

No aspecto lingüístico , a lingua materna predominante é o castelán . Son poucas as familias que empregan o galego como vehículo fundamental de comunicación .

## 2 - Datos xerais .

### a - datos :

Nome do Centro : CEP Lois Tobío  
Situación : Barrio da Misericordia ,  
Enderezo : Rúa Martín Ledesma s/n , 27850 , Viveiro  
Teléfono : 982561120  
Fax : 982550120 ,  
Correo Electrónico : [cep.lois.tobio@edu.xunta.es](mailto:cep.lois.tobio@edu.xunta.es)  
Páxina Web : <http://centros.edu.xunta.es/cepluistobio/>

### b- situación xurídica :

Tipo de Centro : colexio de Primaria ,  
Creación : ano 1998 ,  
Titularidade : Consellería de Educación ,

### c – composición xurídica :

<b>Etapas</b>	<b>Ciclos</b>	<b>Unidades</b>	<b>Ratio</b>
Primaria	Primerio ciclo	4	19-21
	Segundo ciclo	6	17-23
	Terceiro ciclo	5	20-23
Total		15	299

### Profesorado :

<b>Mestres</b>	<b>Número</b>
Xeralistas	14
AL	1

PT	2
Lingua Ext- Inglés	2
Relixión	1
Música	1
Apoio a PT	1
Apoio Inglés	1
Lingua Ext. Francés	1
Ed. Física	2

Unidades creadas : 15

Unidades en funcionamento : 15

#### d- Instalacións

Número de edificios : ----- 2  
 Aulas : apropiadas -----22  
           adaptadas ----- 4  
                           TOTAL ----- 26

Bibliotecas : ----- 2  
 Departamento de Orientación : ----- 1  
 Aula de Informática : -----1 (10 ordenadores)  
 Aula de audiovisuais : ----- 2  
 Ximnasio : ----- 1 ( insuficiente )  
 Pistas Polideportivas :  
 -        Cubertas : ----- 1  
 -        Aire libre : ----- 2  
 Horto Escolar : ----- 1  
 Aula de Plástica : ----- 2  
 Aula de Idiomas : ----- 1  
 Aula de Relixión : ----- 1  
 Sala de mestres : ----- 2

#### **e- Necesidades básicas :**

- Aula de música insonorizada ,
- Gimnasio apropiado ,
- Espacio para tutorías ,

#### **f – Horarios xerais do Centro :**

- Para alumnos :
  - Na tutoría : de 09:35 a 14:35 horas ,
  - Biblioteca : Luns , mércores , xoves e venres , de 16:00 a 18:00 horas ,
  - Actividades extraescolares : de luns a venres de 16:00 a 18:00 horas ,
- Para mestres :
  - Diario : de 09:35 a 14:35 horas , para atención cos nenos,
  - Martes : de 16:00 a 17 :00 horas para atención a reunións , ciclos , departamentos , etc ,
  - Martes : de 17:00 a 18:00 horas para atención a pais .
  - Guardia : Dúas horas quincenais de garda na biblioteca ,

#### **g- Características ideolóxicas : marco xeral .**

O CEP Lois Tobío inclúese dentro dun modelo de Escola Pública , e a súa ideoloxía debe de ser :

- Unha escola que parta do coñecemento físico e social do que forma parte , para poder analízalo con espírito crítico co fin de melloralo .
- Unha escola que sexa para todos , solidaria e integradora, sen diferencias por razón de sexo , raza , relixión , ou riqueza .
- Unha escola que acepte aos seus compoñentes e as diferencias propias de cada un , promovendo sempre a igualdade de oportunidades .
- Unha escola participativa , democrática e pluralista , na que todos poidan intervir para a consolidación dun proxecto educativo, co diálogo como medio para acadalo .
- Unha escola crítica , disposta para a defensa dos máis débiles , na que non haxa inxusticias e se fomente a Paz, a Amizade , o Respecto e a Solidaridade .
- Unha escola activa , creativa e investigadora que fomente nos seus alumnos o espírito de observación e investigación , evitando o ensino memorístico e repetitivo .
- Unha escola que fomente o traballo en equipo e que tenda a globalización fronte a especialización .

A partir deste marco xeral , xurdirán os signos de identificación do CEP Lois Tobío .

#### **h – Signos de Identidade do noso Centro :**

- As competencias básicas serán centro de traballo e base para aprendizaxes posteriores .
- As linguas de aprendizaxe ; tendo en conta a realidade lingüística que rodea aos nosos alumnos , a maioría dun entorno que escoitan falar en castelán ,

debemos fomentar o uso da lingua galega nas aulas para que sexan utilizados ambos os dous idiomas tanto na expresión oral como na expresión escrita .

- O fomento da aprendizaxe fóra das aulas , implicando aos nenos na toma de contacto co seu entorno, por medio de :
  - saídas para visitar centros de traballo , museos , exposicións , monumentos , fábricas , etc .
  - participación en actividades culturais , deportivas , recreativas , etc .
  - intercambios culturais , deportivos , etc , con outros colexios da Comunidade .

Para acadar os puntos anteriores hai que buscar o equilibrio entre :

- Comprensión ,
- Memoria ,
- Actividade creadora ,
- Actividade investigadora ,

Todo isto traerá consigo que a actividade do alumnado basearase na :

- Observación ,
- Experimentación ,
- Sistematización ,
- Traballo individual e en equipo .

Procurar chegar ao desenvolvemento dunha conciencia social , por medio do coñecemento da realidade máis próxima ;para que , partindo dela , se tome unha actitude de respecto polo medio , as persoas , etc , chegando a un compromiso para a defensa dos menos dotados intelctualmente , dos que padecen desarraigo social , marxidados , etc .



### 3 - Obxectivos .

Tendo en conta e tomando como base os principios e valores da Constitución e as Leis de Educación ( Lei Orgánica 2/2006 , do 3 de maio ) coa implantación dun novo sistema educativo baseado nas competencias básicas como referente fundamental tanto na programación como na avaliación , no que se dá unha importancia transcendental a aspectos tan relevantes como :

- Comprensión lectora ,
- Expresión oral e escrita ,
- Comunicación audiovisual ,
- TICs,
- Educación en valores ,

.....pretendemos :

- Formar persoas responsables e preparadas para participar na sociedade e nos tempos que lles toca vivir, que cheguen a sentir satisfacción de sí mesmas e , sobre todo , que teñan conciencia das súas posibilidades .
- Formar persoas respetuosas cos dereitos e liberdades dos demais , democráticas e participativas .
- Formar persoas solidarias , capaces de rexeitar todo tipo de discriminación por razón de sexo , raza , idade , lingua , etc .
- Formar persoas sensibles ante o sufrimento dos demais.
- Formar persoas críticas co mundo no que viven , comprometéndose para melloralo .
- Formar persoas alegres e cordiais .
- Formar persoas capaces de pensar por sí mesmas , capaces de buscar solucións aos problemas de cada día , facendo posible que se desenvolvan con autonomía nas actividades habituais e nas relacións sociais .

- Formar persoas orgullosas da cultura galega , comprometidas na súa promoción e defensa .

Para poder acadar todo esto , o centro tratará de :

1- Potenciar os seguintes valores :

- Responsabilidade : para ser capaces de comprometerse libremente na realización de conductas e actividades que a sociedade espera de nós .
- Autoestima : como valoración de sí mesmo e das propias posibilidades ,
- Solidariedade : como capacidade de compartir intereses e necesidades , tratando de fomentar a xusticia entre todos .

2- Traballar os seguintes obxectivos:

- No ámbito pedagóxico :
  - conseguir o dominio das habilidades instrumentais básicas : comprensión ,lectura , expresión oral e escrita , cálculo , técnicas da comunicación ,...
  - potenciar o uso da lingua galega e a súa utilidade na vida cotiá nas mesmas condicións que a lígua castelá .
  - promover o ensino activo , baseado na actividade dos nen@s , na súa autonomía e na creatividade , potenciando as saídas , debates , actos culturais , etc .
  - desenvolver a capacidade de observación , experimentación , análise , síntese e extrapolación .
  - favorecer a aprendizaxe compartida para fomentar as relacións cordiais e a cooperación fronte a competencia .
  - potenciar o sentido crítico na utilización das fontes de información : prensa , radio, tv , internet , ...
  - buscar o compromiso cos desfavorecidos , rexeitando as inxusticias , o racismo , as guerras , etc .

-fomentar a actitude de respecto ao Medio que o rodea co compromiso da súa conservación e mellora .

- fomentar a solidariedade , responsabilidade e autonomía , a participación , o espírito crítico para analizar os aspectos da sociedade tratando de melloralos .

-fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

- participar en tarefas de redución, reutilización, de reciclaxe de residuos da escola para contribuír á conservación e mellora do Medio natural.

▪ No ámbito institucional :

- Promover a relación co entorno ,
- Colaborar no intercambio de información entre pais e mestres , tratando de fomentar unhas relacións cordiais ,
- Promover as saídas fóra do centro para observar a realidade .
- Establecer diálogo , colaboración e coordinación con outros Centros ou organismos de tipo social ou educativo .
- Solicitar e conseguir colaboración de entidades públicas para converter o centro en elemento das distintas manifestacións culturais , deportivas , artísticas, etc .

3- Promover a participación dos alumnos en experiencias afectivas , sociais e cognitivas que lles permita coñecer , dun xeito crítico , a riqueza cultural e histórica da tradición galega .

## 4- Que faremos para conseguir o que queremos ?

### a- Introducción :

É necesario para conseguir todo o anteriormente exposto poñer en práctica toda unha serie de principios metodolóxicos cunha actividade que se basee nos intereses e nas propias experiencias dos alumnos , para que , en vez de receptores pasivos , se convirtan en animadores do seu propio coñecemento , poñendo en práctica a participación , cooperación , creatividade , investigación , etc . Para acadar isto é necesario deseñar un modelo de docencia que teña en conta os seguintes aspectos :

- Metodoloxía
- Avaliación
- Atención á diversidade

### b- Aspectos

#### **METODOLOXÍA :**

1- clases de enseñanza e aprendizaxe : Trataremos en todo momento de favorecer unha enseñanza activa e creativa que se basee na investigación , que trate de globalizar para que redunde nunha aprendizaxe útil e duradeira . Buscaremos unha canle que englobe a memoria coa comprensión , para salir da escola antiga baseada na reprodución memorística .

2- agrupamentos de alumnos : o agrupamento de alumnos tería que ser moi flexible para poder atender e adaptarse ás diferencias individuais , ás necesidades do Centro e a maior rendabilidade do profesorado ; non obstante , sempre estaremos na obriga de adaptarnos a ratio establecida pola lei .

3- tempo : os horarios , para que a actividade do Centro sexa como o modelo que queremos , deberán dar cabida aos distintos aspectos educativos ,favorecer o traballo en equipos e as diferentes actividades deportivas , culturais , festivas , etc . Deben de facerse en función dos alumnos , para que todo redunde nunha mellor preparación das actividades docentes .

4- espazos : Buscaremos unha organización o máis flexible posible para poder alternar o traballo individual e o traballo en equipo, tendo a posibilidade de utilizar alternativamente outros espazos diferentes á aula do nivel ( biblioteca , patios , ximnasio, pavillón , etc )

5- material e recursos didácticos : é moi importante non acaparar materiais que teñan pouca ou ningunha utilidade . É preciso facer unha correcta selección tendo en conta para quen vai destinado , os obxectivos que se queren acadar e os contidos para os que poden ser válidos . Hai que pontenciar o uso das TICs no currículo escolar .

6- traballo na aula ; organización : sen entrar na organización que cada mestre ten para o desenrolo do traballo na súa clase , unha proposta a seguir pode ser :

- motivación
- breve explicación
- traballo individual ou colectivo
- posta en común
- recapitulación final .

## **AVALIACIÓN :**

Para poder perfeccionar o proceso de enseñanza e aprendizaxe é necesario facer unha avaliación . Esta pode ter como finalidade motivar , formar e orientar aos alumnos valorando , non só os resultados , senón tendo tamén en conta o traballo feito , a participación , a atención, a colaboración e tamén a autoavaliación que cada quen pode facer de sí mesmo .

Os sistemas para levala a cabo son moi variados : probas escritas e orais , coloquios , debates , fichas de control , ..... e todo o que nos sirva para ver se o alumno acadou os obxectivos propostos e desenrolados na aula .

## **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE :**

Un centro educativo non cumpre plenamente a súa misión se non trata de atender ás diferencias individuais , tratando de dar máis axuda a quen máis a necesita .

Neste centro , a partir da creación do Departamento de Orientación , coa figura do profesor/a orientador/a e de dispor de profesorado de PT e AL , estase tratando de atender a todos os alumnos que o necesitan .

Cando as adaptacións teñan que ser moi específicas hai que partir dunha avaliación inicial do alumno/a, sempre coa previa autorización dos pais , na que se poida detectar que é o que se pode facer para proceder á adaptación dos obxectivos , contidos, métodos a utilizar , modo de avaliar , etc .